

No Peirao



marzo
2006

VOCEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE RIBEIRA

Nova contratación *dixital* do PP

O goberno do concello de Ribeira contrata polo seu sistema preferido, **o dedo**, un arquitecto municipal.



O goberno municipal do PP-Torres acaba de contratar, polo seu sistema preferido, unha nova praza, esta vez a de arquitecto municipal. É coñecida esta necesidade do Departamento de Urbanismo e así o temos demandado desde o BNG reiteradamente.

Xa en Outubro de 2004, a Comisión de Goberno do PP convocara oposición libre a esa praza pero, increíblemente foron rexeitados todos os presentados. A explicación oficial foi que “ningún reunía as características idóneas” (palabras do Alcalde no Pleno). Agora, ano e medio despois, e debido á “urxencia” da necesidade, a Xunta de Goberno do PP decide contratar **a dedo** un arquitecto municipal que, supoñemos no BNG, si que reúne os requisitos “idóneos”. Máis grave é aínda que o “idóneo” sinalado polo caprichoso dedo PoPular estea ligado profesionalmente a unha empresa con

intereses urbanísticos ben coñecidos no concello de Ribeira.

Resulta increíble que a capacidade que non atoparon en cinco arquitectos presentados libremente á convocatoria de oposición anterior, si a atopan nunha persoa escolleita a dedo. **A que lle chaman idoneidade?**

Naturalmente que si acabara aquí o conto, a situación sería de xulgado de garda, pero non o é porque... nada máis anunciar a contratación “dixital”, o Goberno do PP anuncia tamén... a convocatoria de oposición libre para a praza de arquitecto!!!

Diante de tamaña falcatuada o BNG solicitou ao grupo de goberno a **anulación do acordo** tomado e a provisión da praza de arquitecto mediante oposición libre e de acordo a un convenio asinado co *Colexio Oficial de Arquitectos de Galiza*.

Ana Rúa en Ribeira

A **directora xeral de Comercio** reuniuse con representantes do pequeno comercio da Barbanza.



A xuntanza espertou o interese de moitos comerciantes.

Ana Rúa, directora xeral de Comercio, reuniuse en Ribeira con representantes do pequeno comercio. Entre outras medidas anunciou unha nova *Lei de horarios comerciais* que “será un instrumento de apoio claro ao comercio tradicional”. Aínda que a visita tivo lugar hai pouco máis dun mes, a Consellaría de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, xa ten presentada a nova Lei de horarios..., que en palabras de representantes do sector “ten aspectos moi positivos” aínda que está en proceso de discusión cos representantes do comercio para ser mellorada antes da súa publicación definitiva.



O conselleiro de Medio Rural da Xunta, **Alfredo Suárez Canal**, recibiu en Santiago de Compostela aos representantes do BNG da Barbanza...

Novo Matadoiro

apoio do conselleiro de medio rural



O conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, confirmou o seu decidido apoio ao novo matadoiro municipal.

O do Matadoiro Municipal de Ribeira é un exemplo ben ilustrativo da **ineptitude política do goberno municipal** do PP de Ribeira e do seu alcalde Torres Colomer: as consecuencias do peche do Matadoiro non as están a pagar só os que viven do sector cárnico e a cidadanía de Ribeira, senón a de toda a comarca, pois este servizo atendía a profesionais e particulares dos concellos de Ribeira, A Pobra, Porto do Son, Rianxo e Boiro.

O Servizo de Matadoiro Municipal está pechado porque o goberno local quixo; por ineptitude ou por propia vontade. Como se pode entender senón que leven gastados máis de 120.000 € –máis de 20 millóns de pesetas– **en proxectos que non serviron para nada**, pois non foron capaces de materializalos en obra.

O goberno municipal do PP empéñase en culpabilizar á Xunta de Galiza pese a que a normativa europea que obriga ao peche do Matadoiro leva máis de

dous anos en vigor (era polo tanto coñecida) e que o matadoiro funcionaba desde entón en “réxime de excepción permanente”, é dicir, obrigado a reformas ou a pechar o 1 de xaneiro de 2006 como así foi. O BNG leva tempo reclamando as reformas precisas que impidan o peche ou, máis recentemente, que permitan recuperar a actividade o antes posíbel. Por que entón os cartos gastados nos proxectos de reforma anteriores? **Porque non saen do seu peto!**

O BNG esixirá do PP que xestione as axudas precisas para que o novo Matadoiro non saia integramente dos petos da cidadanía de Ribeira. A Consellaría de Medio Rural está disposta a subvencionar até un 30% da obra, aproximadamente, sempre que o proxecto se adapte á normativa vixente, e pódese conseguir até un 50% doutras administracións.

Pero alguén pode confiar na capacidade de xestión do goberno do PP logo do visto até hoxe?

AGUIÑO río Listres

OS VECIÑOS E VECIÑAS TIÑAN RAZÓN *Augas de Galiza*, en resposta a unha intervención da deputada do BNG, **Ana Pontón**, abre un expediente polas obras de entubaxe e recheo do río Listres. Considera que pode ser esta a causa das recentes inundacións e que as obras non se axustaron á licenza dada. O goberno do PP, unha vez máis, dera a calada por resposta diante das queixas da veciñanza que agora ve confirmadas as súas razóns.

O BNG cos comerciantes

CARGA... E DESCARGA Hai tempo que o goberno local decidiu peonalizar a rúa *Xeneral Franco*. Como o PP nunca creu neste tipo de iniciativas cabe pensar, con certo rigor, que o seu interese obedece máis ben á realización de obras que serán “visíbeis” antes de presentarse ás próximas municipais. Tarde piaches.

A peonalización non consiste só en regular a circulación de vehículos, é preciso desenvolver medidas que favorezan e reactiven a actividade comercial e, polo tanto, social, na zona. Pero para isto cómpre contar coa opinión dos comerciantes e acordar con eles e elas medidas. Fai falla un **diálogo transparente** do que, como xa sabemos, o PP carece.

Non sorprende que en Ribeira medre o descontento entre os comerciantes da rúa *Xeneral Franco* polos atrancos que o goberno local lle pon aos labores de carga e descarga. **As multas non son solución**, polo que o BNG presentou unha iniciativa que esixe ao goberno que chegue a **acordos** para establecer horarios que fagan compatíbeis o uso peonil coas actividades comerciais. Na mesma pídese tamén que se habilite **suficiente espazo para aparcadoiro** e que se poña freo á desproporcionada cantidade de multas.

Como Cubelo e Cruxeiras, Fondevila é Ribeira...

Pese a que o esquecemento a que está sometida polo goberno do PP faga parecer o contrario. Veciños e veciñas deste popular barrio fan chegar as súas queixas polo abandono que sofren. As súas demandas recóllense nunha iniciativa que o BNG presenta no Concello reclamando unha **“actuación integral en Fondevila”**.

A mellora do pavimento nas rúas, solucionar os problemas co saneamento e traída de auga, colocación de contedores, rematar o arranxo da *Rúa da Habana*, a dotación dun espazo público de lecer ou regular a circulación e aparcadoiros son, xunto co adecentamento e recuperación de caudal da senlleira “Fonte de Fondevila”

as principais reivindicacións que propón o BNG diante do Pleno Municipal.

A situación de Fondevila non é aillada. Os barrios de Cubelo e Cruxeiras tamén sofren un claro abandono por parte do Goberno do PP. Tamén aí o BNG está cos veciños, tendo xa presentadas sendas iniciativas reclamando actuacións integrais que resolvan os graves problemas que afectan á veciñanza. Lembremos que falamos de saneamento, traída de augas ou acceso ás propias vivendas.

Non a carón das casas

O BNG APOIA AOS VECIÑOS E VECIÑAS DE PALMEIRA QUE SE OPOÑEN Á INSTALACIÓN DUNHA ANTENA DE TELEFONÍA MÓBIL NA PARROQUIA.

O Concello negoulles en todo momento aos veciños e veciñas e ao BNG que se recibira ningunha solicitude de instalación de antena en Palmeira. Claro que isto non casaba ben coa colocación de estacas nunha parcela da Lomba, a escasos metros das casas, e coas sospeitas da xente. A prepotencia inicial do alcalde: **“farei o que mande a lei”** –chegou a responder ante a insistencia dos afectados– trocou días máis tarde en derrota: **“non vos preocupedes que a antena non se pon”**... que pasou?

O que pasou foi que a veciñanza se uniu, informouse e decidiu opoñerse con firmeza a unha actuación non conforme coa legalidade e de risco para a saúde.

O BNG apoiou desde o primeiro as súas demandas por unha razón clara: o goberno estaba actuando dun xeito escurantista e ilegal, pois a veciñanza tiña dereito a coñecer a solicitude da obra para, deste xeito, poder recorrer e, no seu caso, presentar alternativas. Isto é ao que teñen dereito por lei, cando menos mentres non exista unha *Ordenanza municipal para*



O BNG de Ribeira interesouse polas reivindicacións das veciñas e veciños de Palmeira.

a colocación de antenas de telefonía que o BNG xa ten demandado e que deba garantir que, acorde coas normativas sectoriais (urbanísticas, ambientais, de patrimonio, etc.), este tipo de instalacións respectan escrupulosamente a saúde de todas e de todos. **Ao día seguin-**

te de que o BNG presentara a súa proposta de elaboración dunha Ordenanza (2/2/06), o alcalde anuncia a solución ao problema: o goberno local elaborará... unha Ordenanza municipal para a colocación de antenas! **Serán capaces de facela?... e de facela cumprir?**

Mercado municipal: en perigo gracias a Torres Colomer

A deixadez do goberno de Xosé Luís Torres Colomer pon en serio perigo a continuidade do Mercado Municipal de Abastos. O BNG insta ao goberno do Concello a **realizar urxentemente as obras de acondicionamento** precisas para que a Praza de Abastos de Ribeira non se vexa abocada ao peche. Informes de inspección da Consellaría de Sanidade –até o de agora ocultados polo grupo de goberno– “recomendan” a adopción dunha serie de medidas para acondicionar as instalacións que o goberno local do PP xa tiña que ter feitas hai anos.

Na iniciativa que presentou diante do grupo de goberno, o Bloque Nacionalista Galego insiste na importancia de que o Concello, responsábel deste servizo, man-



teña o Mercado de Abastos nas debidas condicións e á altura da calidade dos produtos que alí se comercializan.

Nunha iniciativa posterior, o BNG esíxelle ao grupo de goberno que as obras

que se leven a cabo permitan, coas adaptacións pertinentes, a continuidade dos labores de venda nos postos dos comerciantes. Estes, indignados por unha “orde verbal” que lles mandaba desaloxar os seus postos durante polo menos 15 días, afirmaron que non estaban dispostos a abandonalos, pois perderían a clientela e veríanse obrigadas ao peche do comercio.

Na iniciativa do BNG indícaselle ao grupo de goberno que, como únicos responsábeis da patética situación actual, debían tomar as medidas precisas que as/os vendedoras/es veñen reclamando. Se en ocasións anteriores se fixeron reformas sen pechar a praza, nesta ocasión tamén debe ser posíbel. **Ou é que o noso Mercado xa non interesa?**



Cartel de propaganda do Estatuto (Díaz Pardo, 1936).

CORNECHO A CORNECHO

CORRUBEDO *Iniciativas*

O BNG presentou dúas iniciativas co fin de que se arranxe o pau da luz derubado por un camión hai meses na *rúa do Colexio* e para que as molestas tapas dos sumidoiros da *rúa Delicias* se poñan a ras de chan para evitar rúidos e o sufrimento dos automóbiles.

OLVEIRA/OLEIROS *Auga!*

O BNG reclama do goberno do concello que se axilicen as obras de traída de auga a Olveira e máis Oleiros e que se permitan as acometidas aos particulares tan pronto como sexa tecnicamente posíbel. Xa tarda de máis.

Embarrar o campo

A isto se dedican nos últimos plenos os membros do equipo de goberno do PP. Como en Ribeira xa teñen todo resolto e non hai problemas serios..., como o peche do Matadoiro é un invento da xente mal pensada; como o perigo de peche do Mercado de Abastos non existe; como da xestión de solo empresarial xa se encargan outros e como das irregularidades urbanísticas se encargan os veciños e as veciñas, o PP presenta nos plenos mocións que xa foron aprobadas no Parlamento Galego por unanimidade! É o caso dunha sobre as “axudas ao gasóleo das embarcacións” ou doutra sobre “o peirao comercial”. Que sentido ten traer estas mocións repetidas? Moi sinxelo: ocultar a falla de iniciativas que lle afectan á cidadanía. **Facer aquí a política de Santiago porque non teñen política para Ribeira!** Perder o tempo, para que logo non se note que, no mesmo Pleno, dixeron que non ás propostas do BNG reclamando unha “actuación integral en Fondevila”, o “adecentamento da zona de Cruxeiras”, a “restituír os viveiros da Lonxa”, a “realizar melloras na Praza de Abastos” ou mesmo a “acordar cos comerciantes da rúa peonil ‘Xeneral Franco’ tempos e horarios axeitados para carga e descarga”. Pero claro, ao alcalde e ao PP estas cousas non lles interesan. Interésanlles outras.

COROSO: *Oferta educativa*

Dende o BNG reclamamos o mantemento da oferta educativa en Coroso. **Manifestamos o noso apoio** ao profesorado do Centro, que reclama que a ampliación de novos ciclos non supoña a eliminación da ESO.

É impropio dunha Consellería progresista permitir a aplicación dun decreto lei do Estado que invade claramente competencias de Galiza en Educación e que supón, asemade, a redución de prazas públicas tanto de alumnado como de profesorado da ESO.

LONXA: *Viveiros*

Logo dos coñecidos casos do Matadoiro e do Mercado municipais cómpre estarmos do mesmo xeito alerta á cuestión da Lonxa, que tamén é municipal. Os viveiros que lles prestaban servizo aos/ás mariscadores/as e compradores/as foron pechados por *Sanidade* ao non cumprir as condicións hixiénico-sanitarias.

Malia que a situación xa dura máis de 3 meses **o PP non tomou medidas**, polo BNG presentou unha iniciativa ao respecto.

Quieres recibir por correo electrónico as novas políticas de Ribeira?

Contacta con nós

barbanza@bng-galiza.org
www.bng-galiza.org/barbanza

DOMINGA BRIÓN



Temos unha débeda con eles

M oito se ten avanzado na **integración social das persoas discapacitadas** por parte da sociedade en xeral e dos poderes públicos en particular. Na actualidade xa non se considera un simple asunto de amable caridade: **hoxe é claramente unha cuestión de xustiza democrática que ningún cuestiona**. Pero faltan aínda moitos, pode que demasiados, pasos concretos que andar para que a integración social destes colectivos sexa dunha vez por todas un feito. Fan falla aínda moitas iniciativas reais para que as persoas discapacitadas disfruten realmente das mesmas oportunidades que as demais.

Ámbitos como o da educación, o da formación laboral, o do acceso a un posto de traballo, o da igualdade de oportunidades, en xeral, melloraron un chisco nos últimos anos fundamentalmente grazas ao traballo realizado polas asociacións de afectados. Pero **queda moito por facer**.

Desde o BNG non nos arreda esta cuestión, para nós é prioritaria e urxente. Por iso, desde a nosa posición demos e daremos os pasos precisos, en colaboración cos afectados, para que as iniciativas que a *Vicepresidencia da Xunta* e a *Deputación de A Coruña* teñen en marcha no noso concello sexan pronto unha realidade.

Porén, tamén desde o concello temos moito que facer. Como administración máis achegada á cidadanía, o goberno municipal debiera ser a institución máis sensible ás súas necesidades máis urxentes, e máis xustas. Pero pouca sensibilidade demostrou neste tema cando **rexeitou no Pleno a proposta do BNG para a elaboración dunha Normativa Municipal de Accesibilidade**. Se ben é certo que aos poucos días presentou unha iniciativa similar, intentando así ocultar a súa evidente inoperancia neste terreo, máis certo é que esa normativa está sen aplicar e, a día de hoxe, **as rúas de Ribeira seguen a ser tan inaccesibles como hai anos** e moitos edificios e servizos públicos están practicamente vedados aos discapacitados.

Porque, claro, gobernar non é só dicar normas xustas, iso é o máis doado, tamén hai que facelas cumprir.